

Viagens da Saudade

Coordenação

Maria Celeste Natário

Paulo Borges

Luís Lóia

Organização

Cláudia Sousa

Nuno Ribeiro

Rodrigo Araújo

Porto

2019

FICHA TÉCNICA

Título: Viagens da Saudade

Coordenação: Maria Celeste Natário
Paulo Borges
Luís Lóia

Organização: Cláudia Sousa
Nuno Ribeiro
Rodrigo Araújo

Editor: Universidade do Porto. Faculdade de Letras

Ano de edição: 2019

ISBN: 978-989-8969-26-2

DOI: <https://doi.org/10.21747/978-989-8969-26-2/viag>

URL: <https://ler.letras.up.pt/site/default.aspx?qry=id022id1671&sum=sim>

A saudade: unha viaxe a través da lírica galaico-portuguesa

Resumo: A saudade e o lírico pode nos servir como ponto de união entre Portugal e Galícia. É por isso aquele Ramón Piñeiro mostra que o sentimento deve ser expressado de um modo rítmico, e o lírico é na realidade ritmo verbal. Partindo desta consideração, o que é buscado é oferecer uma amostra pequena do lírico que serve de base à reflexão posterior filosófica na saudade: a poeta Rosalía de Castro que foi o que melhor soube expressar a alma galega e a saudade gostam do sentimento que conjuga presença e ausência; para Eduardo Pondal e como você pode dizer a saudade sem dizer isto; um dos poetas mais excelentes em Portugal, Teixeira de Pascoaes e a saudade deles já filosófica que atrai a Renascença; e Novoa Santos e a rede deles sentimentos que dariam lugar à saudade. Deste modo, é procurado para mostrar a saudade como um símbolo de coesão entre os lusófonos, localizando um caminho de 'peregrinação' da saudade pelo liristas.

Palavras-chave: saudade, carácter ontológico, lírico, sentimento.

Saudade: a journey through the lyrical Galician-Portuguese

Abstract: Saudade and poetry can serve us point of union between Galicia and Portugal. That is why Ramón Piñeiro points out that the feeling express in way rhythms, and precisely the lyric is verbal rhythm. Based on this consideration, it aim is to offer a small sample of the Portuguese-language lyric that serves as a base to further philosophical reflection on saudade: the great poet Galician Rosalía de Castro, which was best knew how to express the Galician soul and the saudade like feeling that combines presence and absence; Eduardo Pondal and how saudade can say without saying it; one of the most important poets of Portugal; Teixeira de Pascoaes and his saudade already philosophical that appeals to Renascença; and Novoa Santos and its network of feelings that would result in the saudade. In this way, it seeks to show saudade as a symbol of cohesion between you speaking, charting a path of 'pilgrimage' of saudade through their poets.

Key words: saudade, ontological character, lyrical, feeling.

* Investigadora da Universidade de Santiago de Compostela, realizando a tese de doutoramento sobre Ramón Piñeiro.
E-mail: rocio.carolo@rai.usc.es

Falar, teorizar e reflexionar hoxe sobre a Saudade, e facelo dun concepto que sufriu un proceso de cambio ao logo do “camiño” emprendido xa dende o século XIV, e previsiblemente con anterioridade na tradición oral. Por iso, o que aquí se pretende é facer unha pequena aproximación a este camiñar da saudade, pois o concepto mudou dende a súa primeira aparición de forma e de semántica. Pero, por que facelo dende a lírica?

Dinos Ramón Piñeiro «Cando se trata de caracterizar a personalidades colectiva de Galicia ou de Portugal, as palabras “saudade” e “lirismo” sempre resultan ser as preferidas»⁸⁷¹. A lírica, polo tanto, esta moi enraizada dentro da tradición cultural do pobo portugués e galego, pero non só iso, Piñeiro tamén nos advirte que «A expresión do sentimento é rítmica», polo que a linguaxe da saudade debe ser rítmica tamén: a música sería ritmo sonoro e a lírica ritmo verbal. Polo tanto, entendese que o sentimento da saudade estea recollido dentro desta e as súas primeiras manifestacións se propicien dentro deste ámbito. De aí o noso obxectivo de presentar a saudade como o resultado dun recorrido pola lírica galaico-portuguesa, pois a saudade é un concepto cuxa interpretación se entende case unicamente dentro da lusofonía.

As primeiras manifestacións da saudade foron en textos medievais, como dixemos, fundamentalmente de poetas, coas formas de *soëdade*, *soidade* ou *suidade*. Debemos sinalar, como así o fai Ramón Piñeiro dentro do seu artigo *Saudade e sociedade. Dimensión do home*, que o termo en Galicia, mantívose vivo grazas a tradición oral, pois como ben é sabido, Galicia atopábase asoballada polo castelanismo imposto polo goberno central e o galego quedou relegado a lingua de labregos e mariñeiros. Pero foron eles os encargados de manter viva a alma galega que despois tan ben souberon recoller tanto o padre Sarmiento no XVIII como os grandes poetas do século XIX, como Rosalía de Castro.

Non en tanto, non ocorre o mesmo en Portugal, onde os tres termos unificaranse e aparecerán nos textos literarios dende o século XVI. De xeito que, a pesar de que a vivencia da saudade estaba recollida na lírica e na lingua medieval, o substituír estas tres acepcións polo termino ‘saudade’ e que a súa presenza escrita aparece no portugués e non no galego, leva consigo a aceptación común do sentimento pero non do concepto, é dicir, considerase que o concepto de saudade ten a súa orixe en Portugal⁸⁷².

⁸⁷¹ Manuscritos de Ramón Piñeiro depositados en: Vigo, Fundación Penzol, Notas sobre a saudade.

⁸⁷² Cf. PIÑEIRO, R., *Saudade e sociedade. Dimensión do home*. In: PIÑEIRO, R., *Filosofía da saudade*, Galaxia, Vigo, 2009, pp. 80-101.

Máis, o realmente importante do concepto non radica na nacionalidade do seu orixe, senón precisamente en determinar cal é, etimoloxicamente, a súa procedencia. Parece que proven do latín *solitates*, do que se derivaran os termos portugueses *soledade* e *soidade*, e tamén *soledad* en castelán. Pero, aínda que ambas teñan o mesmo contido semántico, saudade non pode derivarse foneticamente de *solitate*. Para intentar dar una explicación a este feito intentaron vinculala a etimoloxía árabe de *Savdah* ou *Suiaidah*; pero parece, finalmente que a teoría máis verosímil é a proposta por Carolina Michaëlis en *A Saudade Portuguesa*, onde se presenta a saudade como derivada de *soidade* influenciada por *saude* e *salutate* (salvación). Por iso no debe estrañarnos que Unamuno nos presente unha acepción de saudade entendida como saúde:

SOIDADE+SAUDE=SAUDADE

Escarceo etimolóxico

Soledad: *soidade*

Salud: *saude*...

Soledad y salud hacen saudade,
salud de soledades,
soledad de saludos y saludes
salud de santa, soledad que salva
soledad de salud, recreación
es soledad de soledades, alba
de la salud eterna
la salvación,
Salvador, saludador en soledades.⁸⁷³

Agora, que xa temos unha idea máis ou menos clara da procedencia etimolóxica da saudade, podemos facer ese pequeno viaxe a través da lírica para ilustrar precisamente ese percorrido da saudade polas distintas acepcións e significacións. Para isto só escollín unha mostra representativa de algún dos autores máis relevantes, pois son moitos os que podemos nomear.

1. A saudade na lírica galaico portuguesa

A palabra Saudade vai aparecer por primeira vez, como dixemos, nun Códice Alcobacense do século XIV titulado *Vida de Santo Amaro*, aínda que non hai certeza de que non fose emendado con posterioridade. E non volve aparecer o termo saudade ata o século XVI, onde o rei portugués Don Duarte, é o primeiro en teorizar entornó a el:

⁸⁷³ UNAMUNO, M., *Cancionero. Diario poético*, Buenos aires, 1953, p. 109

Eu nao quero, nem brincado,
dizer adeus a ninguém:
Quem parte, leva saudades:
quen fica, saudades tem-⁸⁷⁴

Como podemos apreciar, neste fragmento atopámonos unha aproximación a definición de saudade, a que se encontra ligada gran parte dos poetas. Así, a saudade corresponderíase co sentimento de soidade, pois as dúas coinciden semanticamente⁸⁷⁵. A pesar da multivocidade, que en moitas ocasións pódenos levar a confusión, se algo teñen en común todas ilas é esa evocación a soidade. Outra cousa ben distinta é o carácter desta. Así, podemos atoparnos con un carácter psicoloxicísta, onde o sentimento de soidade nos remite a un obxecto, estando máis próximos aos sentimentos de nostalxia ou añoranza, como é o caso do escritor portugués Francisco Manuel de Melo “*É um mal, de que se gosta; é um ben de que se padece*”⁸⁷⁶. Ou, pola contra, podese entender a soidade con un carácter metafísico ou transcendente, que é o que máis nos interesa dentro da reflexión filosófica, como pode ser o caso de Rosalía de Castro ou Teixeira de Pascoaes.

1.1 A saudade en Rosalía de Castro

A poesía de Rosalía servirá de ponte entre ambas concepcións (a psicoloxicísta e a metafísica, pois como Teixeira reconece Rosalía é a «Senhora da Saudade e da Melancolia», y máis tarde Cabanillas dirá que é «o ‘corpo santo’ da Saudade Galega»⁸⁷⁷.

Así a obra de Rosalía virá a reflexar a saudade psicolóxica cando fala da ‘soidade do amor’ ou da ‘soidade da terra’, como se pode apreciar no seguinte fragmento:

De soidás morríase
na vila, sospirando pola aldea;
asombrábana as casas cos seus muros,
e asombrábana as otes e as igrexas.

As rúas enlousadas somellábanlle,
sin verdor nin frescura,

⁸⁷⁴ Citado en: LANDEIRA, R., *La saudade en el renacimiento de la literatura gallega*, Editorial Galaxia, Vigo, 1970, p. 16.

⁸⁷⁵ «Cando o home vive soidade, dirá que sente saudade, ou soidade, quedando así ben claro que se soidade é unha situación do home, a saudade é o sentimento desa situación» en PIÑEIRO, R., *Para unha filosofía da saudade*, In: PIÑEIRO, R., *Filosofía da saudade*, op. cit., p. 49.

⁸⁷⁶ Cita recollida nos Manuscritos de Ramón Piñeiro depositados en: Vigo, Fundación Penzol.

⁸⁷⁷ Citados en: TORRES QUEIRUGA, A., *Para unha filosofía da saudade*, Publicacións da Fundación Otero Pedrayo/Editorial Galaxia, Traslba (Ourense), 2003, p. 91.

cimiterio onde os mortos
fora andaban das tristes sepulturas.⁸⁷⁸

Non en tanto, a poetisa vai máis ala, de xeito que na súa obra poética atopase presente tamén o segundo carácter: a saudade ontolóxica. Rosalía é capaz de plasmar na súa obra toda a ‘anima galaica’ dende a máis pura intimidade do individuo. Ímonos encontrar xa con unha reflexión do ser humano volto cara sí mesmo, ou mellor dito, atopámonos con unha Rosalía que é capaz de transmitir nas súas verbas a súa soidade ontolóxica do seu propio ser. De xeito que o amor mundano, obxecto propio desa concepción psicoloxicista da saudade vai a quedar en un segundo plano fronte a esa saudade ontolóxica. O seguinte fragmento é un claro exemplo disto que dicimos:

I

En los ecos del órgano o en el rumor del viento,
en el fulgor de un astro o en la gota de lluvia,
te adivinaba en todo y en todo te buscaba,
sin encontrarte nunca.

Quizás después te ha hallado, te ha hallado y te ha perdido
otra vez, de la vida en la batalla ruda,
ya que sigue buscándote y te adivina en todo,
sin encontrarte nunca.

Pero sabe que existes y no eres vano sueño,
hermosura sin nombre, pero perfecta y única;
por eso vive triste, porque te busca siempre
sin encontrarte nunca.

II

Yo no sé lo que busco eternamente
en la tierra, en el aire y en el cielo;
yo no sé lo que busco, pero es algo
que perdí no sé cuándo y que no encuentro,
aun cuando sueñe que invisible habita
en todo cuanto toco y cuanto veo.

Felicidad, no he volver a hallarte
en la tierra, en el aire ni en el cielo,
¡aun cuando sé que existes
y no eres vano sueño!⁸⁷⁹

Polo tanto, para entender a obra rosaliana como unha aproximación a concepción ontolóxica da saudade debemos entendela como un punto intermedio entre a mística e a angustia, pois é evidente,

⁸⁷⁸ ROSALIA DE CASTRO, *Follas Novas*. In: ROSALIA DE CASTRO, *Poesías*, Edicións do patronato, Vigo, 1973, p. 306.

⁸⁷⁹ ROSALIA DE CASTRO (1973), *En las orillas del Sar*. In: ROSALIA DE CASTRO, *Poesías*, op. cit., p. 364.

e así o mostra Ramón Piñeiro na súa obra, que a saudade topase nun camiño intermedio entre esta última e a esperanza. A saudade será, desta forma, un sentimento no que se atopa o positivo e o negativo, a luz e a escuridade, a angustia e a esperanza, unha aptitude mística onde predomina a noite.

1.2 A saudade en Eduardo Pondal

A campana d'Anllóns de Eduardo Pondal, ven a ser unha das obras máis importantes e coñecidas da lírica galega, e que sen dubida vai a influir en moitos pensadores. Tamén nel, atopámonos unha nova pretensión de aclarar e amosar o que a saudade é para os galegos:

E ti, campana de Anllóns,
que vagamente tocando
derramas nos corazóns
un bálsamo triste e brando,
de pasadas ilusións.

Alá nos pasados ventos
primeiros da miña vida,
oio os teus vagos concertos,
reló dos tristes momentos
da miña patria querida.

¡Cantas veces te lembrou
o que marchou para a guerra,
cando á súa nai deixou,
e partindo a extraña terra
de Baneira de escoitou!

¡Cantas do mar africano,
cautivo bergantiñán,
oio nun soño tirano
o teu tocar soberano,
aló nas tardes do vran!

Cando te sinto tocar,
campana de Anllóns doente,
nunha noite de luar...
rompo triste a suspirar,
por cousas dun mal ausente.

Neste punto, e tras unha primeira lectura, pódenos parecer que Pondal non fala en ningún momento da saudade, pois en ningún verso se refire a ela explicitamente. Pero Pondal, facendo uso da súa magnífica pluma, dinos sen dicir o que a saudade é para el. Quizá, a mellor forma da obter unha

boa comprensión, e ir o xerme da concepción deste poema; para iso debemos recorrer a Emilia Pardo Bazan, grazas a cal coñecemos como brotou esta obra:

Pregunté a Pondal certo día en qué condicións había composto su *Campana*. Me dijo que, estando *algo enamorado* y siendo *muy muchacho*, se había detenido en un pinar de su parroquia a oír el toque del *Angelus*, al caer la tarde; y puesto a pensar en cosas tristes...⁸⁸⁰

Como se pode apreciar, Pondal escribiu o seu poema afectado por distintos tipos de saudade: a saudade de xuventude, a saudade materna, a morriña pola terra ou saudade da terra e a saudade por un obxecto sen definir. É dicir, en Pondal volve a confluír esa concepción psicoloxicista da saudade ao mostrala como un sentimento derivado dun obxecto, xa sexa algo o alguén querido ou sexa o sentimento de unión a terra.

Pero do mesmo modo que ocorre con Rosalía, a saudade adquire, tamén aquí, un rango metafísico coa pretensión de transcendencia. o ser humano atopase sen obxecto, non hai nada máis que sentimento e perderíase no infinito ao que nos levaría ese toque do *Anguelus*.

Pondal grazas a este poema estanos abrindo a porta cara saudade ontolóxica, de aí que sexa o camiñar cara a saudade ontolóxica, a saudade pura, ou como él vai a denominar «a saudade de non sei que». Este tomar conciencia do seu propio ser é o que o levará a querer transcenderse. Nun primeiro momento trata de facelo cara o pasado, por iso a arela, a añoranza que se ve reflexada na súa obra, porque o pasado non morre senón que permanece intacto na memoria. E por outro lado, a outra forma de transcendencia será cara o futuro ideal.

1.3. A saudade en Teixeira de Pascoaes

Tamén nos atopamos con una concepción da saudade como transcendencia ao estar ligada a Renascença ou a salvación en Teixeira de Pascoaes, o cal vai a ter una gran influencia, máis adiante, en Ramón Piñeiro. Pascoaes, na súa obra *A saudade e o saudosismo*, vai a expoñer a súa concepción da saudade ligada a *renascença* portuguesa onde esta vai a ser o reflexo da alma portuguesa, da esencia relixiosa. A saudade como:

o sentimento-idea, a emoção reflectida, onde tudo o que existe, corpo e alma, dor e alegría, amor e desejo, terra e céu, atinge a súa unidade divina. Eis a Saudade vista na súa esencia relixiosa e não no seu aspecto superficial e anedótico de simples *gosto amargo de infelizes*.⁸⁸¹

⁸⁸⁰ LANDEIRA, R., *La saudade en el renacimiento*, op. cit., p. 120.

⁸⁸¹ Citado en: GARCÍA SOTO, L., *O labirinto da saudade*, Laivento, Santiago de Compostela, 2012, p. 34.

Grazas a este pequeno fragmento podemos establecer tres suxeitos: o home, o Universo e Deus, que van a estar entrelazados no pensamento de Pascoaes. A Natureza vaise revelar como reflexo da creación divina. De esta forma Deus non é cércano ao home, senón que o home e quen de asumir o encargo da conciencia universal. Deus revelase na Natureza pero non de forma completa como ocorre co coñecemento do Ser. ¿Como se produce, polo tanto ese coñecemento do Ser? De igual maneira que o tempo o percibimos no momento e o espazo no sitio, o ser se percibe *siendo*. E se, nos apoiamos no que nos di Piñeiro, sentindo. De este xeito, volvemos atopar esa ambivalencia da presenza e ausencia⁸⁸².

Así, a saudade no é un sentimento de soidade, de falta dun obxecto, senón que sería o sentimento de transcendencia cara o divino. Aquí, polo tanto, estaríamos falando dunha soidade do ser en procura da súa transcendencia cara a divindade. Pero esa divindade non a podemos considerar como un obxecto como tal senón como unha finalidade:

Eu sou, Senhora minha, a criatura
Rendida dos teus ollos criadores;
Presa aos teus pés gentis de noite escura
Que só pisam espuma e trilham flores.
Eu sou aquele que ama; o rasteirinho
De corpo, e de alma clara e alevantada.
Sou a poeiraa que ergue, em teu caminho,
Tua saia com rendas de alvorada.
Sou invisível névoa de alegria
E de tristeza...⁸⁸³

Por último debemos resaltar que en Teixeira Deus tamén pode sentir saudade, no de sí mesmo, senón do home. Deus sente saudade do home debido a imperfección da Creación, e por iso reencarnase para salvalo. Por todo isto, pódese concluir que a saudade en Teixeira de Pascoade é esa procura do transcendente.

1.4. A saudade en NÓVOA SANTOS

Nóvoa Santos ten unha concepción da saudade bastante complexa, non se trata dn simple sentimento, senón que ven a ser unha rede de sentimentos que segundo Piñeiro, virían a ser formas

⁸⁸² Cfr. PINHARANDA GOMES, J., *A antropología da saudade: o homen universal de Pascoaes*. In: Universidade Católica Portuguesa. Centro Regional do Porto (ed.), *O pensamento luso-galaico-brasileiro (1850-2000)*. *Antas do I Congreso Internacional*, Estudos Gerais, Lisboa, 2009, pp. 407-420.

⁸⁸³ Fragmento de: TEIXEIRA DE PASCOAES, *Senhora da noite*. In: TEIXEIRA DE PASCOAES, *Saudade. Antología poética (1898-1953)*, Trea Poesía, Asturias, 2006, p. 192.

de saudade. En NÓVOA Santos entran en xogo sentimentos tales como a melancolía, a añoranza, a tenrura, a desilusión e o abandono de sí mesmo.

A diferenza dos autores que citamos antes, en Novoa Santos parece que non hai esta pretensión de transcendencia, senón que a saudade vai estar máis ligada a morriña. Pois parece ser, e máis adiante tamén o afirmará Piñeiro, que o sentimento de morriña, de tristura pola lonxanía da terra vai provocar en nos un sentimento de soidade, nos perdémonos a nos mesmos, encontrámonos sos pola perda da nosa patria. De xeito que o camiño da saudade vai ser esa posta en contacto coa esencia do que nos rodea.

2. Conclusións

Recapitulando o ata aquí dito, encontrámonos con toda unha serie de poetas que veñen a ser os viaxeiros polo camiño da saudade, que estableceran as bases para que autores posteriores reflexionen en torno a este concepto de saudade: a Xeración Nos, onde xa enmarcamos a NÓVOA Santos, pero van a destacar tamén as aportacións de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo ou o propio Castelao; a Xeración Galaxia onde destacan as aportacións de Ramón Piñeiro e de Celestino Fernández de la Vega, pero que tamén encontramos con flexións Domingo García Sabell ou Francisco Fernández del Riego, sobre todo a raíz da publicación *La Saudade* en 1953 en Galaxia; e por último a xeración da noite onde cabe nomear a Carlos Baliñas e Andrés Torres Queiruga. Polo tanto, e como podemos ver, a reflexión en torno o concepto sigue hoxe en día.

Quizá, unha das aportacións que máis sobranceiras e novidosas, a pesar de que os autores líricos xo viñan anunciando, é a de Ramón Piñeiro ao desligar a saudade do aspecto psicolóxico e outorgarlle unicamente ese carácter ontolóxico. Fálanos, como bo filósofo, de que a pretensión da filosofía é o coñecemento do ser, é máis, do propio ser; e a única forma de coñecemento é o sentimento, pois como apuntamos anteriormente coñecer é sentir. Trátase, polo tanto, dun coñecemento radical onde non hai dualidade obxecto-suxeito, porque é o coñecemento da propia intimidade do home, é dicir, da súa singularidade ontolóxica, é *Ista singularidade ontolóxica chámase soedade, i-o sentimento d-isa soedade chámase saudade*⁸⁸⁴.

Para rematar, o que aquí se pretendeu foi amosar o percorrido da saudade pola lírica lusófona, terra natal do concepto de Saudade. Ambas as dúas son, polo tanto, dúas etapas dun mesmo viaxe:

⁸⁸⁴ Manuscritos de Ramón Piñeiro depositados en: Vigo, Fundación Penzol, Notas varias sobre a saudade.

«...esa intimidade sentimental, en canto *vivencia*, é saudade; en canto *expresión*, en canto *comunicación*, é lirismo»⁸⁸⁵.

Referências bibliográficas

- GARCÍA SOTO, L. (2012), *O labirinto da saudade*. Santiago de Compostela: Laidvento.
- LANDEIRA, R. (1970), *La saudade en el renacimiento de la literatura gallega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- PINHARANDA GOMES, J. (2009), *A antropología da saudade: o homen universal de Pascoaes*. In: Universidade Católica Portuguesa. Centro Regional do Porto (ed.), *O pensamento luso-galaico-brasileiro (1850-2000)*. *Antas do I Congreso Internacional*. Lisboa: Estudos Gerais, pp. 407- 420.
- PIÑEIRO, R. (2009), *Filosofía da saudade*. Vigo: Galaxia.
- PIÑEIRO, R., Manuscritos. Vigo: Fundación Penzol.
- ROSALIA DE CASTRO (1973), *Poesías*. Vigo: Edicións do patronato.
- TEIXEIRA DE PASCOAES (2006), *Saudade. Antología poética (1898-1953)*. Asturias: Trea Poesía.
- TORRES QUEIRUGA, A. (2003), *Para unha filosofía da saudade*. Trasalba (Ourense): Publicacións da Fundación Otero Pedrayo/Editorial Galaxia.
- UNAMUNO, M. (1953), *Cancionero. Diario poético*. Buenos Aires.

⁸⁸⁵ PIÑEIRO, R., *A saudade en Rosalía*. In: PIÑEIRO, R., *Filosofía da saudade*, op. cit., p. 113.